

PREGUNTAS

1. Temos noticias de que se produciron algúns positivos Covid de operarios municipais, queríamos saber ¿Que protocolos se están seguindo? ¿Gárdanse as distancias ou se comparten espáceos a mesma hora?, ¿Que medidas se adoptaron de seguridade co resto de empregados públicos cando se tivo coñecemento do primeiro positivo?

2. ¿En que situación se atopa o despliegue da ADSL no rural, en especial en Pardela (Bemil), en varios lugares de Arcos, e en xeral en casi todos os núcleos rurais?, é competencia exclusiva do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital ¿Teñen algunha previsión ou noticia sobre ampliación da rede no rural?.

3. ¿Queríamos coñecer en que situación se atopa o expediente administrativo aberto polas denuncias dos veciños do lugar de Badoucos en Arcos da Condesa en relación ca apropiación dun camiño público por parte dunha veciña do lugar? ¿Que actuacións se levaron a cabo?

4. ¿Que está facendo o equipo de goberno para que o Ministerio de Fomento proceda inmediatamente a reparar o lamentable estado no que se atopa a N^o640 en especial o tramo urbano dende o cruce de Segade de Arriba ata o cruce de Follente?

5. Que pensa facer ca rúa Real no seu entronque con Laureano Salgado no entorno da burga, que vostedes decidiron cortar, sen aviso previo, para colocar un adorno do Nadal e que pasadas as festas segue cortada.

ROGOS

Se den as instrucións oportunas para que se movan os contenedores do lixo situados o carón do portal lateral da entrada o Colexio La Encarnación na rúa das Monxas, posto que os alumnos entran e saen por esa zona e na hora de saída se xunta un grupo gran de pais e familiares e resulta un perigo posto que a falta de espáceo está a provocar que algunhas veces resulte imposible gardar as distancias de seguridade polo Covid, sacar de ese entorno todos os contenedores permite xerar mais espáceo e con elo mais seguridade.

Moitos veciños nos están transmitindo a necesidade de colocar carteis indicativos para poder chegar o Cemiterio municipal que están en Santa María, tanto na estrada xeral N550 como nos diversos cruces posteriores.

Volteamos a requirir, e xa é a cuarta vez, a limpeza da casa consistorial na súas fachadas, en especial todo o lateral que da cara o río Umia que ten unha vexetación que vai chegar o tellado.

Que se repoña o firme da finca que se está utilizando como aparcadoiro en Porto do Rio.